

ANEXO XVI - DEFINICIÓNS

- **Certificado de fin de obra:** documento subscrito pola dirección facultativa que acredita a finalización das obras e a súa execución de conformidade co proxecto, as súas modificacións autorizadas e a documentación técnica que o desenvolve, constitúe o documento acreditativo da terminación da obra.
- **Dirección facultativa:** está constituída polo/a director/a de obra e o director/a da execución da obra.
- **Director/a da execución da obra:** é o axente que, formando parte da dirección facultativa, asume a función técnica de dirixir a execución material da obra e de controlar cualitativa e cuantitativamente a construción e a calidade do edificado.
- **Director/a de obra:** é o axente que, formando parte da dirección facultativa, dirixe o desenvolvemento da obra nos aspectos técnicos, estéticos, urbanísticos e medioambientais, de conformidade co proxecto que a define, a licencia de edificación e demais autorizacións preceptivas e as condicións do contrato, co obxecto de asegurar a súa adecuación ao fin proposto.
- **Edificación en altura con madeira:** aquela edificación que supere a altura de planta baixa máis dous plantas piso ou alta con estrutura de madeira, estrutura mixta madeira-metal, madeira-formigón ou madeira-metal-formigón aínda cando a estrutura da planta baixa, soto ou semisoto non reúna estas características.
- **Liquidación final de obra:** documento económico final da execución da obra, emitido pola dirección de execución da obra, que recolle a valoración das unidades de obra realmente executadas, medidas e certificadas ao finalizar os traballos, conforme ao proxecto, ás súas modificacións aprobadas e as certificacións emitidas durante a execución.
- **Liquidación parcial de obra:** documento económico final da execución da obra, emitido pola dirección de execución da obra, que recolle de modo exclusivo a valoración das unidades de obra correspondentes con produtos ECEA (incluída a súa colocación) realmente executadas, medidas e certificadas ao finalizar os traballos, conforme ao proxecto, ás súas modificacións aprobadas e as certificacións emitidas durante a execución. Incluirá a porcentaxe que supoñen estes custos respecto da liquidación final de unidades de obra executadas.
- **Liquidación das actuacións subvencionadas:** documento económico final da execución das actuacións subvencionadas, emitido pola dirección de execución da obra, na que se relacionan as unidades de obra executadas obxecto de axuda. Incluirá detalle de medición, prezo unitario e custe total das unidades de obra agrupadas por capítulos e, de ser o caso, identificación daquelas que se correspondan con produtos ECEA procedentes de montes galegos xestionados de forma sustentable (PEFC ou FSC) con garantía de rastrexabilidade mediante FORTRA, ou ben, que dispoñan da marca de garantía Pino da Galicia así como da porcentaxe que supoñen respecto do

importe total dos custos de produtos ECEA subvencionados (incluída a súa colocación).

- **Obras de reconstrución:** acción destinada a completar un estado previo do inmovible arruinado utilizando como base partes orixinais deste cuxa autenticidade poida acreditarse.
- **Obras de reforma:** intervencións que, podendo realizarse dentro e/ou fora dunha edificación, implican a substitución ou transformación de materiais, elementos ou partes dos mesmos, alterando ou non a súa estrutura e volumetría.
- **Obras de rehabilitación:** accións e medidas que teñan por obxecto permitir a recuperación dun uso orixinal perdido ou a implantación dun novo uso compatible co inmovible.
- **Orzamento de execución material:** custe de execución das unidades de obra, obtido pola suma do produto de medicións por prezos unitarios, sen incluír gastos xerais, beneficio industrial nin tributos (comunmente coñecido como "PEM").
- **Planta baixa:** planta da edificación onde a distancia vertical entre a cara superior da súa placa de solo e o nivel da rasante situada por debaixo daquel non excede 1 metro, sen prexuízo do disposto na definición de semisoto. Cando a dita distancia exceda 1 metro, considerarase planta piso ou alta.
- **Planta piso ou alta:** cada unha das plantas situadas por encima da planta baixa.
- **Produtos ECEA:** produtos de madeira ou derivados da madeira (excluíndo os *composites* nos que os materiais lignocelulósicos supoñan menos dun 50% en peso) dos sistemas estrutural, de compartimentación, envolvente e acabados (excluíndo as carpintarías interiores, pavimentos interiores e acabados interiores).
- **Promoción singular:** promoción que, debidamente motivada, presente un de carácter innovador, demostrativo ou estratéxico reunindo, cando menos, dous dos seguintes requisitos:
 - Que incorpore solucións técnicas, construtivas ou funcionais innovadoras ou non habituais no seu ámbito en Galicia.
 - Que teña un impacto territorial, social ou estratéxico relevante a escala supramunicipal.
 - Que integre múltiples usos ou funcionalidades de modo non convencional.
 - Que constitúa unha actuación piloto ou demostrativa de novas solucións construtivas ou de materiais.
 - Que requira solucións específicas derivadas de condicións ambientais, urbanísticas ou patrimoniais singulares.
- **Promotor:** é o axente da edificación que decide, impulsa, programa e financia as obras da edificación.

- **Proxectista:** axente que redacta o proxecto por encargo do promotor e con suxeición á normativa técnica e urbanística correspondente.
- **Proxecto:** conxunto de documentos mediante os cales se definen e determinan as esixencias técnicas das obras contempladas no artigo 2 da *Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación* e no que se xustifican tecnicamente as solucións propostas coas especificacións requiridas pola normativa técnica aplicable.
- **Proxecto básico:** fase do traballo na que se definen de modo preciso as características xerais da obra, mediante adopción e xustificación de solucións concretas. O seu contido é suficiente para solicitar, unha vez obtido o preceptivo visado colexial, a licenza municipal e outras autorizacións pero insuficientes para iniciar a construción.
- **Proxecto de execución:** fase do traballo na que se desenvolve o proxecto básico coa determinación completa de detalles e especificacións de tódolos materiais, elementos, sistemas construtivos e equipos, definindo a obra na súa totalidade. O seu contido será necesario para a realización das obras contando co preceptivo visado colexial e a licenza correspondente.
- **Semisoto:** planta da edificación situada por debaixo da planta baixa, na cal a distancia vertical desde a cara superior da placa que forma o seu teito ata o nivel de rasante é igual ou inferior a 1 metro en calquera punto das súas fachadas, excluindo o punto en que se sitúe o acceso cando o seu uso sexa aparcadoiro, e sempre que a súa fronte non ocupe máis do 50 % da fachada nin máis de 6 metros, admitíndose esta excepción unicamente nunha das fachadas do edificio. Cando a dita distancia exceda 1 metro, considerarase planta baixa.
- **Soto:** planta da edificación, situada por debaixo doutra planta, na cal a cara inferior da placa que forma o seu teito queda por debaixo do nivel da rasante en calquera punto das súas fachadas, excluindo o punto en que se sitúe o acceso cando o uso deste sexa aparcadoiro, e sempre que a súa fronte non ocupe máis do 50 % da fachada, nin máis de 6 metros, admitíndose esta excepción unicamente nunha das fachadas do edificio.
- **Rasante:** cota que determina a elevación dunha aliñación ou liña de edificación en cada punto do territorio. Distínguese entre rasante natural do terreo, rasante de vía (eixe da calzada) ou de beirarrúa, que poden ser existentes ou proxectadas.
- **Uso comercial:** aquel que comprende as actividades destinadas a subministración de mercadorías ao público mediante a venda ao retalho ou a prestación de servizos particulares.
- **Uso cultural:** aquel que comprende as actividades de índole cultural como bibliotecas, museos, teatros, auditorios, aulas da natureza e outros servizos de análoga finalidade.

- **Uso deportivo:** aquel uso que comprende as actividades destinadas á práctica de deportes en recintos pechados, tanto ao aire libre como no interior.
- **Uso educativo:** aquel que comprende as actividades destinadas á formación intelectual: centros docentes e de ensino en tódolos seus niveis e para tódalas materias obxecto de ensino.
- **Uso hoteleiro:** aquel que comprende actividades destinadas a satisfacer o aloxamento temporal.
- **Uso industrial:** comprende actividades destinadas ao almacenamento de materias primas ou produtos, distribución, obtención, elaboración, transformación e reparación de produtos.
- **Uso oficinas:** aquel que comprende locais destinados á prestación de servizos profesionais, de información e outros a empresas ou particulares.
- **Uso recreativo:** aquel que comprende as actividades vinculadas ao lecer e o esparexemento en xeral.
- **Uso residencial:** aquel uso que se establece en edificios concibidos principalmente para vivenda, aínda cando conteñan recintos onde se desenvolve unha actividade económica, ben a través dunha vivenda adaptada para o exercicio da dita actividade económica ou ben nun recinto concibido expresamente para o seu exercicio. Distínguense, os seguintes usos residenciais pormenorizados:
 - a) Unifamiliar: aquel que se conforma por unha vivenda ou agrupación de vivendas (acaroadas, illadas ou en ringleira) destinándose cada unha a unha soa unidade familiar, localizadas nunha única parcela, con acceso independente.
 - b) Colectivo: aquel que se conforma por dúas ou máis vivendas nunha única edificación, con accesos e elementos comúns ás vivendas.
- **Uso sanitario-asistencial:** instalacións e servizos sanitarios, de asistencia ou benestar social no que se desenvolven todas aquelas actividades de xestión da atención socio-sanitaria así como todas aquelas actividades que desenvolven as entidades rexistradas no rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais.